



V Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ•SHOPPING **Verán 2008**

Bases para o concurso na súa convocatoria da tempada de Verán de 2008

1. Poderán participar no V Concurso Municipal de Escaparatismo «SCQ Shopping» na súa convocatoria de Verán todos os establecementos comerciais de Compostela.
2. As inscricións formalizaranse por escrito enviando o formulario adxunto por fax ao 981 55 42 96 ou solicitando a súa inclusión por medio dun correo electrónico no que se cumprimenten os mesmos datos e que se enviará a:
escaparatismo@santiagodecompostela.org.
3. A inscrición é de balde.
4. A data tope para inscribirse será o día **7 de xullo de 2008**.
5. Os motivos dos escaparates terán tema libre e os seus deseñadores terán completa liberdade para elixir as técnicas, materiais e estilos expositivos.
6. O xurado valorará especialmente a orixinalidade, ambientación e eficacia da mensaxe publicitaria atendendo ás condicións da contorna dos establecementos. Cada un dos criterios valorarase de 0 a 1 punto coma máximo.
7. As **datas de exhibición** dos escaparates estarán comprendidas entre o **8 e o 12 de xullo**.
8. Os escaparates que participen no concurso deberán estar identificados cun distintivo que achegará a organización e permanecerán iluminados ate as 23 h. Os escaparates que non se atopen instalados no momento da visita valorativa do xurado quedarán excluídos do concurso.
A organización poderá establecer exencións a esta norma xustificadas por motivos de seguridade que esixan a retirada da mercadoría exposta nos escaparates.
9. O V Concurso Municipal de Escaparatismo «SCQ Shopping» terá como premio, en cada unha das súas edicións, unha campaña publicitaria valorada en:
1º Premio: 3.450 Euros
2º Premio: 2.000 Euros
3º Premio: 1.500 Euros
10. A execución da campaña levarase a cabo polos premiados a través da intermediación da entidade adjudicataria do contrato para a execución dos premios de Escaparatismo SCQ Shopping 2008.
11. O prazo límite para a execución do premio será de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da relación de premiados no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago, despois de cada edición. A non execución do premio no prazo indicado, por causas imputables aos gañadores, implicará a revogación do premio inicialmente concedido.
12. Os concretos soportes que constitúan cada unha das campañas de referencia serán libremente fixados polos establecementos gañadores dentro do listado de produtos ofertados. Ante a solicitude de soportes inicialmente non previstos, poderase atender ou non á petición do establecemento en función dos seus custes. O listado de produtos e prezos ofertados publicarase na páxina web da Concellaría de Promoción Económica: www.maiscompostela.org.
13. Os distintos formatos promocionais en que consista a campaña, deberán indicar o patrocinio da Concellaría de Promoción Económica e Comercio do Concello de Santiago con indicación do concepto en virtude do cal se emite, é dicir, pola súa condición de gañador no Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping. Ao final das catro edicións do certame, nomearase como gañador anual ao establecemento comercial que mantivera unha maior continuidade na súa imaxe ao longo das tres edicións.
14. O fallo do xurado darase a coñecer a partires do día **14 de xullo de 2008** no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago de Compostela e máis na páxina web da Concellaría de Promoción Económica www.maiscompostela.org.
15. A participación no presente concurso implica a aceptación das presentes bases.



V Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ•SHOPPING **Verán 2008**

Para inscribirse envíe este boletín ao fax 981 554 296 ou remita un correo electrónico no que consten os mesmos datos a: escaparatismo@santiagodecompostela.org

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Establecemento _____ Sector _____

Nome e apelidos do propietario _____

Enderezo _____

Teléfono _____ Fax _____ Correo electrónico _____

Marque o cadro se desexa recibir información sobre outros programas, concursos e convocatorias da Concellaría de Promoción Económica.

Asdo _____

Confirmo a participación do establecemento no V Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ•Shopping e acepto as súas bases.